

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Voz
DISCIPLINA	Adestramento vocal I
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual e Xestual
CURSO	3º
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Optativa
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Nuria Montero Gullón
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Nuria Montero Gullón</p> <p>Horario titorías:</p> <p>Despacho:</p> <p>Contacto: nmgullon@edu.xunta.gal</p>
DESCRIPCIÓN	Técnicas de adestramento para a mellora do uso da técnica vocal adquirida e a ampliación da súa capacidade. Xestión da enerxía no uso da voz. Autonomía á hora de organizar rutinas de quecemento e adestramento. Capacidade para realizar a análise estrutural e de contidos do texto.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
-----------	--

T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
E11	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
E13	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
E15	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Coñecer técnicas de adestramento que posibiliten a mellora na gestión do uso da técnica vocal para acadar mellores resultados cun gasto xusto de enerxía.	T1, T2, T3, T12, T13, X5, X6, E11

2. Ampliar as capacidades acadadas en cada un dos parámetros técnicos traballados nos cursos anteriores para poder contar cun maior número de ferramentas vocais no traballo de creación.	T1, T2, T3, T12, T13, X5, X6, EI1, EI3, EI5
3. Coñecer diferentes técnicas de adestramento e quecemento para poder crear rutinas de traballo propias en función dos obxectivos a acadar.	T1, T2, T3, T12, T13, T15, X3, X5, X6, EI1, EI3, EI5
4. Saber analizar un texto dende o punto de vista estrutural para poder poñelo a favor da creación do personaxe e da interpretación.	T1, T2, T3, T13, X5, X6, EI1, EI5

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1...ANATOMÍA RESPIRATORIA E DA FONACIÓN	1.1 Anatomía respiratoria: repaso. 1.2 Anatomía da fonación: repaso. 1.3 Malos hábitos posturais. 1.4 Malos hábitos respiratorios.	3
2... RESPIRACIÓN: TIPOS E LOCALIZACIÓN	2.1 Tipos de respiración: repaso. 2.2 Localización dos diferentes tipos de respiración: repaso. 2.3 Adestramento da respiración: exercicios.	6
3...APOIO DIAFRAGMÁTICO	3.1 Localización: repaso. 3.2 Adestramento do diafragma: exercicios.	9
4...RESOADORES	4.1 Localización: repaso. 4.2 Adestramento do uso dos resoadores: exercicios.	12
5.ARTICULACIÓN	5.1 Localización: repaso. 5.2 Adestramento do sistema articulatorio: exercicios.	3
6.TEXTO	6.1 Análise de contido. 6.2 Análise da estrutura.	12
TOTAL SESIÓNS		45

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	1	1	2
Exposición maxistral	2	1	3

Exposición práctico-teórica	2	3	5
Práctica individual	7	9	16
Práctica colectiva	10	3	13
Outros (Traballos de aula)	14	7	21
Titorías individuais	4		4
Actividades de avaliación. Probas	2	10	12
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	2	10	12
Actividades de avaliación. Revisión	1	1	2
TOTAL	45	45	90
PORCENTAXE	50%	50 %	100 %

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado así como a presentar a materia.
Exposición maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Exposición práctico-teórica	Exposición por parte do docente dun tema sobre contidos da materia e a súa resolución práctica.
Práctica individual	Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo.
Práctica colectiva	Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo.
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado ao seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.
Titorías individuais	Entrevistas que o alumno mantén co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe, seguimento e coordinación de traballos, realización de actividades específicas vinculadas a competencias non adquiridas, clarificación de todo tipo de cuestións vinculados cos núcleos temáticos da disciplina, seguimento de

	actividades e asesoramento para a realización de probas.
Actividades de avaliación. Probas.	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta a actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.
Actividades de avaliación. Presentacións/Mostras.	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou do resultado dun traballo, exercicio, proxecto...Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Actividades de avaliación. Re visión.	Análise profesor/alumno dos recursos procedimentais empregados por este na resolución das probas e os seus resultados.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Tutoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Tutoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

	Competencias avaliadas	Ponderación
Probas prácticas de aula. Exercicios de adestramento.	T1, T2, T3, T13, T15, X3, X5, X6, E11, E13, E15	60 %
Probas prácticas de aula. Exercicios individuais de expresión oral.	T1, T2, T3, T12, T13, T15, X3, X5, X6, E11, E13, E15	40 %

8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p>Probas teóricas. Conceptos fundamentais da materia:</p> <p>1. Presentación por escrito dun adestramento vocal dunha hora de duración cun enfoque concreto solicitado pola docente. Constará de exercicios, obxectivos e temporalización.</p> <p>2. Explicación oral do adestramento presentado. A docente pode realizar preguntas e solicitar explicacións concretas. A/o alumna/o deberá utilizar un vocabulario e unha linguaxe axeitada.</p>	T2, T13, X5, X6, E11, E15	<p>1. 25%</p> <p>2. 10%</p>
<p>Probas prácticas. O alumno deberá:</p> <p>1. Realizar un quecemento de 20 minutos de duración ao comezo do exame.</p> <p>2. Dito quecemento deberá presentalo por escrito detallando os exercicios a executar, os obxectivos de cada un deles e a temporalización.</p> <p>3. Presentar un traballo práctico sobre o material entregado pola docente cunha duración máxima de 15 minutos, no que porá en práctica cunha posta en escena todos os conceptos traballados no cuadrimestre: respiración/fala, apoio diafragmático, uso dos resoadores, articulación, análise de contidos e estrutural do texto.</p> <p>4. Entregar unha memoria por escrito do proceso de creación do exercicio práctico. A memoria presentarse segundo os parámetros descritos no apartado de Observacións.</p> <p>5. A docente poderá pedir que o alumno realice exercicios prácticos relativos ao temario e xa feitos na aula se así o considera.</p>	T1, T2, T3, T12, T13, T15, X3, X5, X6, E11, E13, E15	<p>1-2. 15%</p> <p>3. 40%</p> <p>4. 10%</p>

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Probas teóricas. Conceptos fundamentais da materia. Igual apartado 8.2	T2, T13, X5, X6, E11, E15	25 %
Probas prácticas. Igual que o apartado 8.2	T1, T2, T3, T12, T13, T15, X3, X5, X6, E11, E13, E15	55 %
Probas propostas pola docente sobre exercicios realizados na aula	T1, T2, T3, T12, T13, T15, X3, X5, X6, E11, E13, E15	20 %

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

- Berry, C. (2006) *La voz y el actor*. Barcelona. Ed. Alba.
- Blasco, V. (2006) *Manual de técnica vocal*. Ciudad Real. Ñaque Editores.
- Bustos Sánchez, I. (2003) *La voz, la técnica y la expresión*. Badalona. Ed. Paidotribo.
- Calais-Germain, B. (2006) *La respiración. Anatomía para el movimiento. Tomo IV. El gesto respiratorio*. Barcelona. La Liebre de Marzo.
- Caballero, C. (1985) *Manual para educar la voz hablada y cantada*. México. Edamex.
- Domínguez Dapena, C. (2004) *Técnicas de expresión oral. O uso expresivo da voz*. Vigo. Editorial Galaxia.
- McCallion, M. (2006) *El gran libro de la voz*. Barcelona. Ed. Urano.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

- Calais-Germain, B. (2010) *Abdominales sin riesgo*. Barcelona. La Liebre de Marzo.
- Molner, A. (2005) *Taller de voz. Recursos para evitar las afecciones vocales, mejorar la expresión y vencer el miedo a hablar en público*. Barcelona. Alba Editorial.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS



1. O alumno perderá a avaliación ordinaria cando supere o 10% de faltas de asistencia.
 2. O alumno que perda o dereito á avaliación ordinaria deberá poñerse en contacto coa docente para recibir o material necesario para a realización do exame extraordinario.
 3. Os traballos deberán presentarse segundo aparece na documentación pendurada da web
<https://esadgalicia.com/alumnado/>
- E sempre dacordo ás normas APA: <https://normasapa.com/>